

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO.

Sendo as 11:00 horas do día 23 de setembro de 2013, no salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (3º planta do antigo Seminario Menor), constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida pola Ilma.Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua dona Carmen Basadre Vázqueze actuando como vocais dona Rosana Rielo Rozas, 8ª Tenente de Alcalde en suplencia da Tenente de Alcalde da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación; don Angel Trabada Gómez polo Grupo municipal do Partido Popular; dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo municipal do BNG; don José Manuel Díaz Grandio, Concelleiro de Deportes; don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello; dona Ana Isabel Saez Mancebo, letrada asesora, e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Secretario a por de manifesto que por un erro non foi incluída na acta da sesión anterior a plica da empresa **PRODUCCIÓN LITORIA S.L** que foi presentada en tempo e forma no Rexistro Xeral do Concello de Lugo. A continuación transcríbese a documentación administrativa presentada pola empresa mencionada.

- . Escritura de constitución e modificacións
- . DNI do representante
- . Dilixencia de bastanteo
- . Certificado alta IAE
- . CIF da empresa
- . Declaración anexo III
- . Informe Rexistro mercantil de Ourense
- . Relación dos traballos realizados nos últimos tres anos con indicación do importe, ao que se xunta certificados de realización dos traballos.

- . Informe da entidade financeiras NOVAGALICIABANCO, SANTANDER e LA CAIXA
- . Memoria técnica

CONTRATACION

MLA/rdi

Refº: ACTA APERTURA SOBRE A) BIS


Asunto: ACTA APERTURA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA 2º

Os integrantes da mesa consideran correcta a documentación administrativa presentada por PRODUCCONES LITORIA S.L e acordan conceder igualmente que o resto das mercantis admitidas á licitación un prazo de 3 días hábiles para que se o consideran oportuno ou necesario, presente aclaración da súa oferta relativa ás melloras ofertadas -en calquer caso sen modificar a mesma- tendo en conta o publicado no perfil do contratante en relación á solicitude de aclaración presentada por unha das empresas participantes

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 11:15 horas do día anteriormente sinalado, pospoñéndose á apertura á apertura do sobre B (oferta económica)

A PRESIDENTA

Asdo: Carmen Basadre Vázquez



O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz